



Fonética e fonoloxía

Os sons da lingua

Índice de contidos:

1. Lingua oral e lingua escrita
2. A produción dos sons
3. A articulación da linguaxe
4. Fonema e son
5. Grafía, grafema e letra. O alfabeto
6. Clasificación dos fonemas
 - 6.1. Sons vocálicos e sons consonánticos
 - 6.1.1. Sistema vocálico
 - 6.1.2. Semivogais. Os ditongos e os tritongos
 - 6.1.3. Sistema consonántico
 - 6.2. Particularidades fonéticas. A gheada e o seseo
7. A sílaba
8. Os trazos suprasegmentais
 - 8.1. A acentuación
 - 8.2. A entoación

1. Lingua oral e lingua escrita

As linguas, por propia natureza, son orais. Isto quere dicir que nos comunicamos fundamentalmente a través dos *sons* que producimos. Na produción dos sons intervén a *voz*, elemento material (audible) que lle permite ao ser humano construír mensaxes e referirse aos obxectos ou elementos que o rodean (extralingüísticos).

Como xa vimos na primeira sección, os sons que producimos e que nos permiten a comunicación son *signos lingüísticos*. O ser humano utiliza diversos tipos de signos para comunicarse:

- *Lingüísticos*: son os correspondentes coa produción dos sons da lingua, que se representan a través da escrita.
- *Paralingüísticos*: son outro tipo de sons non lingüísticos, tamén comunicativos porque serven para transmitir algún tipo de información. Por exemplo, os estalos, que realizamos coa boca e que podemos empregar para negar, os asubíos, que podemos utilizar para chamar a atención de alguén, etc.)
- *Quinésicos*: son os que se conseguen a través do movemento das mans, os xestos, etc. Con eles sinalamos, negamos, enfatizamos, etc.
- *Proxémicos*: son os marcados pola distancia entre as persoas, ou entre as persoas e os obxectos, a distribución que facemos do espazo, etc. Por exemplo, se nos achegamos moito ao noso interlocutor podemos estar transmitindo que o contido da nosa mensaxe vai ser privada, íntima, mesmo comprometedor; é moi distinto da situación en que un emisor se sitúa nun escenario distanciados da audiencia á que se vai dirixir en público.

A cada conxunto de signos denomínaselle *código*, de aí que se afirme que a comunicación humana está composta por unha tripla estrutura de códigos: código lingüístico, código paralingüístico e quinésico-proxémico.


O ser humano ideou a modalidade de comunicación escrita. A través dos signos gráficos visuais, denominados *grafías* ou *grafemas*, tratan de representarse os sons da lingua. Como xa vimos na primeira sección, o uso dunha ou doutra modalidade (oral ou escrita) vai depender do *contexto*, da situación en que se atopan o emisor/a e receptor/a no momento da comunicación.

As principais diferenzas entre a modalidade de comunicación oral e a escrita son as seguintes:

1. Na lingua oral a canle de comunicación é *auditiva*; o receptor/a percibe o *texto* co oído. Na lingua escrita a canle de comunicación é *visual*; o receptor/a percibe o texto coa vista.
2. Na lingua oral a comunicación prodúcese de maneira *case inmediata* xa que tanto o emisor/a como o receptor/a están presentes. Na lingua escrita a mensaxe *tarda máis* en chegar ao receptor/a (mesmo ás veces pode tardar séculos, pensemos en textos literarios escritos na Idade Media).

3. A lingua oral é *momentánea*, isto quere dicir que a mensaxe ten a duración limitada do momento da comunicación. A lingua escrita é *perdurable*, a mensaxe pode permanecer inalterable ao longo do tempo.
4. A lingua oral está fortemente *apoiada na entoación e nos xestos corporais* dos falantes que transmiten moita información (sorpresa, dúbida, ironía, alegría, preocupación, tristeza, expectativa, etc.) A lingua escrita *carece destes recursos* e precisa substituílos por outros específicos: signos de admiración, interrogación, puntos, comas, espazos en branco, guións, parénteses, maiúsculas...
5. Na lingua oral o normal é que *interactúen* emisor/a e receptor/a (fala un, fala outro, interrómpanse, quíntanse a palabra, un acaba unha frase que empezou o outro, hai sobreentendidos, etc.). Todo isto vai construindo e modificando a mensaxe no propio momento en que se produce. Na lingua escrita *non sucede esta interacción* xa que a resposta do receptor/a non sempre se dá, e no caso de darse (resposta a unha carta, por exemplo) estará demorada no tempo.
6. A lingua oral é máis *espontánea* e *menos coidada*, abundan nela as repeticións, as frases inacabadas, as estruturas máis sinxelas, as palabras “comodín”, etc. A lingua escrita é máis *elaborada* e *precisa*, e normalmente require unha *planificación*.

2. A produción dos sons



Cando falamos, poñemos en funcionamento un conxunto de órganos do noso corpo, que son os que van permitir producir os diferentes sons. Durante o movemento de expiración, o aire sae dos pulmóns cara ao exterior a través da traquea e chega á larinxe, onde se encontran as *cordas vocais*, que son dous pregamentos musculares situados a ambos os lados da larinxe; ao se tensaren, xúntanse no centro da cavidade e pechan o paso á corrente de aire. Se se atopan aproximados (relativamente tensados), a corrente de aire que pasa por

entre eles fai que vibren e se produza o son. Se permanecen separados aos lados da larinxe, o aire pasa libremente e non se produce ningunha vibración.

A voz humana prodúcese pola vibración das cordas vocais polo aire que sae a través da farinxe e mais da boca (para os son orais) ou das fosas nasais (para os sons nasais). A maioría dos sons lingüísticos teñen voz, e daquela son chamados *sonoros* ou *voceados* (como, por exemplo, as vogais). Non obstante, algúns órganos como a lingua ou os labios poden producir ruídos durante a saída dunha corrente de aire, aínda que as cordas vocais non vibren; nese caso, fálase de sons *xordos* ou *non voceados* (como *p*, *t*, *k*, por exemplo).

3. A articulación da linguaxe

Os sons das linguas non se deben confundir cos signos lingüísticos. Os primeiros unicamente son elementos perceptibles a través dos sentidos e, por si mesmos, carecen de significado. Pronunciar aleatoriamente sons a través da boca non nos vai permitir comunicarnos con ninguén se non tratamos de construír secuencias de sons que produzan unidades coñecidas. Aquel conxunto de sons que si nos permitan construír secuencias coñecidas de palabras son os que constitúen os signos lingüísticos.

A linguaxe dise que posúe unha *dobre articulación*. Por un lado, recoñécese que posúe unidades dotadas de significado e significante (os signos lingüísticos); falamos da *primeira articulación da linguaxe*. Por outro lado, recoñécese que existen unidades que só posúen significante (por exemplo, os sons, ou tamén as letras que os representan); trátase da segunda articulación da linguaxe.

As unidades que se consideran da primeira articulación, e que polo tanto van estar compostas de significante e significado (van ser signos lingüísticos), son as seguintes: *morfema*, *palabra*, *frase*, *cláusula*, *oración* e *texto*. Algún destes elementos ímolos estudar nas seguintes seccións, polo que non nos centraremos neles aquí.

As unidades da segunda articulación, os sons, estudarémolas a continuación. Lembra que pertencen a aquela dimensión das linguas que tan só serven como significantes e carecen de significado. Como poderás comprobar, as unidades desta segunda articulación da linguaxe son o *fonema*, a *sílaba* e o *grupo fónico* (que permite a entoación).

4. Fonema e son

De todos os sons que poidamos emitir cos órganos da fonación, só uns poucos van ser utilizados nas linguas para producir significados e comunicarnos, é dicir, van ser *relevantes* ou *pertinentes* lingüisticamente. As unidades sonoras mínimas que distinguen significados son os *fonemas* e estúdaos a *fonoloxía*.

Os fonemas son *distintivos* porque permiten distinguir significados e, polo tanto, diferenciar palabras. Así pois, serán fonemas aqueles sons que,

intercambiados nun determinado contexto, dean como resultado palabras con significación distinta. O procedemento a través do cal podemos detectar fonemas nunha lingua coñécese como *conmutación*. Observa os seguintes exemplos: *casa*, *cala*, *cara*, *cama*, *cana*, nos cales recoñecemos que /s/, /l/, /r/, /m/ e /n/ son fonemas porque a substitución de sons permite recoñecer diferentes palabras. En tanto que son fundamentais para a transmisión do significado das palabras, dise que os fonemas son *significativos* ou *relevantes* lingüisticamente.

Como veremos, é relevante, por exemplo, a distinción entre as consonantes sonoras e xordas *p, t, k / b, d, g*:

pato, gato, dato;
pico, bico;
braza, praza, traza, graza

Se consideramos as vogais, o fonema galego /o/ (medio pechado) e /ɔ/ (medio aberto) é o elemento que nos permite distinguir entre, por exemplo, a seguinte parella de palabras: *por* (preposición) e *pór* (verbo).

→ Propón novas parellas de exemplos en que se manifeste este fenómeno da relevancia.

Existe un conxunto de sons que utilizamos en galego cando nos comunicamos, cuxas características non son relevantes. Cando falamos normalmente, durante o noso discurso e sen que o poidamos evitar, un mesmo son vai ser pronunciado de maneira distinta (pode saír máis ou menos relaxado, máis ou menos aberto, máis ou menos prolongado, máis ou menos nasalizado, etc.). Por exemplo, se varias persoas pronuncian a palabra *tren*, notaranse diferenzas na pronuncia; o *t* soará máis ou menos enérxico; o *r* vibrará máis ou menos... Incluso se a mesma persoa pronuncia a palabra en situacións diferentes, notaranse variacións. Estas variacións, perceptibles ao oído, percibiranse moito mellor se utilizamos aparellos de medición ou audición especiais. Á realización física do *t* ou do *r* é o que chamamos propiamente *sons*. Os sons dunha lingua son innumerables, tantos como falantes, e mesmo tantos como empregos fai deles cada falante. A parte da lingüística que se encarga do estudo destes sons é a *fonética*.

Repara en que...:

A vogal que pronunciamos en *non* é diferente da que pronunciamos en *con*; o son [b] en *burro* ou *tambor* é moi diferente ao de *cabeza*; o [d] de *día* é distinto do de *todo*. Se o pensas, poderás atopar moitos outros exemplos máis.

Estas diferenzas non teñen relevancia en galego posto que case non as percibimos e, se o facemos, non as recoñecemos como significativas (é dicir, o feito de que pronunciemos o *d* de *todo*, por exemplo, máis ou menos relaxado, non vai facer que se distingan, entre esas pronuncias, palabras diferentes con significados tamén diferentes).

Lembra que...:

O *fonema*, que estuda a fonoloxía, é a maneira que teñen os falantes de percibir mentalmente un son, é a imaxe mental que posúen os falantes do *p*, o *m*, o *ll*, etc. Os fonemas son aqueles sons pertinentes, é dicir, permiten producir e distinguir palabras.

O *son* propiamente, que estuda a fonética, é a realización física e real do fonema, con todas as súas peculiaridades (nasalizacións, vibracións, prolongamentos, relaxacións, etc.).

Para transcribir os sons de calquera lingua, sexan fonemas ou non, en xeral (tanto os fonemas como os sons propiamente), utilízanse unha serie de signos convencionais. Universalmente, utilízase o Alfabeto Fonético Internacional (AFI ou IPA), que empregaremos nesta unidade.

Cando realicemos este tipo de representacións, normalmente os fonemas se sitúan entre barras para distinguilos dos sons, que van entre corchetes:

son: [p]
fonema: /p/

5. Grafía, grafema e letra. O alfabeto

As *grafías*, *grafemas* ou *letras* son as representacións por escrito dos fonemas. Ao conxunto de letras que se utilizan convencionalmente nunha lingua denomínaselle *alfabeto*.

Os fonemas que existen en galego son relativamente poucos, 26 (7 vocálicos e 19 consonánticos), e todos eles vannos permitir producir toda a cantidade inmensa de mensaxes que utilizamos na vida diaria. En galego son os seguintes:

Alfabeto galego			
GRAFÍA	NOME	FONEMA QUE REPRESENTA	EXEMPLO
A/a	a	/a/	p ata
B/b	be	/b/	b arco
C/c	ce	/θ/ (+ e, i), /k/ (+ a, o, u)	c into, c ama
D/d	de	/d/	d edo
E/e	e	/e/, /ɛ/	ter , terra
F/f	efe	/f/	f illo
G/g	gue	/g/	v ago
H/h	hache	ningún (*)	h ome
I/i	i	/i/	t inta
L/l	ele	/l/	l ume
M/m	eme	/m/	m esa
N/n	ene	/n/	n ena
Ñ/ñ	eñe	/ɲ/	braña
O/o	o	/o/, /ɔ/	h oxe, p orta
P/p	pe	/p/	p íntega

Q/q (**)	que	/k/ (+ e, i)	quilo
R/r	erre	/r/, /r/	caro, rota
S/s	ese	/s/	s emente
T/t	te	/t/	t artaruga
U/u	u	/u/	u niverso
V/v	uve	/v/	v iño
X/x	xe	/ʃ/, /ks/	x axún, e xame
Z/z	zeta	/θ/	z ume

(*) A letra *h* non representa ningún fonema, salvo cando vai formando parte do dígrafo *nh*.

(**) Esta letra sempre vai seguida de *u* cando precede as vogais *e* e *i*.

Fíxate que, no caso das vogais *e* e *o*, cada letra se corresponde con dous fonemas, /e/ e /ɛ/ e /o/ e /ɔ/. Isto é así porque en posición tónica poden ser *abertos* ou *pechados*.

Exemplos de palabras con *e* **pechado**:

mesa, neno, home

Exemplos de palabras con *e* **aberto**:

pedra, mel, medo, sete

Exemplos de palabras con *o* **pechado**:

home, rato, mozo, neno

Exemplos de palabras con *o* **aberto**:

roda, mol, fóra

E isto implica que en galego *hai sete fonemas vocálicos*.

Pasa o mesmo ca con outras letras, que recollen dous fonemas. Por exemplo, o *x*, que recolle o [ʃ] característico e o [ks]: *peixe* / *taxi*.

Pode ser tamén que dúas grafías xuntas representen un fonema. Neste caso, estamos ante os *dígrafos*. En galego son os seguintes:

Ch/ch	ce hache	/tʃ/	ch aira
Gu/gu	gue u	/g/ (+ e, i)	gu erra
Ll/ll	ele dobre	/ʎ/	ll abán
nh*	ene hache	/ɲ/	nh a
Qu/qu	que u	/k/ (+ e, i)	qu ente
rr*	erre dobre	/r/	rr aña

*Tanto o *nh* como o *rr* aparecen sempre en contexto intervocálico. Por isto, non se van representar nunca nin no comezo nin na fin de palabra e carecen de forma en maiúscula.

Pode ser que dúas grafías distintas, dependendo do contexto, representen un mesmo fonema:

B e V:	/b/	(baca, vaso)
C e QU:	/k/	(casa, queixo)
G e GU:	/g/	(gato, guerra)
Z e C:	/θ/	(zapato, cinco)

Outras linguas utilizan tamén grafías propias que representan fonemas que son alleos ao noso sistema lingüístico como, por exemplo, *ç, j, ã, ã, æ, ž, w, y, č, l*, etc. Moitas delas, podemos atopalas hoxe no galego en palabras tomadas doutros idiomas (Jefferson, Eça de Queirós, Kant, Darwin, whisky, Joyce, etc.), ou en textos do galego medieval.

6. Clasificación dos fonemas

Os fonemas son as unidades mínimas da segunda articulación, como vimos. Polo tanto, non se poden descompoñer en unidades menores. Tan só nos limitaremos a describir cada un dos fonemas de acordo coas características que os definan a cada un respecto da maneira en como se produzan. As propiedades articulatorias e acústicas que definen os fonemas denomínanse *trazos*.

Na descrición dos sons interveñen dous factores fundamentais: o lugar ou *punto de articulación* (que elementos interveñen na produción dun son e como se articulan) e o *modo de articulación* (o tipo de obstáculo que atopa o aire ou de que maneira sae no momento en que se pronuncia un son).

Para que comprendas mellor a descrición do punto de articulación, repara no seguinte cadro:

	Labio superior	Incisivos superiores	Alvéolos	Rexión post-alveolar	Padal duro	Padal brando anterior	Úvula	Costado posterior da farinxe	(ningún)
Labio inferior	Bilabial	Labiodental							
Ápice da lingua		Interdental	Alveolar (Alveolar retroflexo)						
Predorso da lingua				Post-alveolar (alveo-palatal, palato-alveolar, etc.)					
Mediodorso da lingua					Palatal				
Posdorso da lingua						Velar			
Posdorso da lingua							Úvula		
Raíz da lingua								Faringal	

Cordas vocais									Glotal
------------------	--	--	--	--	--	--	--	--	--------

6.1. Sons vocálicos e sons consonánticos

Desde o punto de vista fonético, é dicir, se consideramos a produción real dos sons, de entrada, existe un grupo de fonemas que presenta unha particularidade común: provocan a maior apertura dos órganos articulatorios (o aire non atopa obstáculos de saída desde que se produce a voz), xeran nas cordas vocais un maior número de vibracións e, finalmente, son as que maior musicalidade posúen. Adiviñas a que conxunto de fonemas nos estamos a referir? As *vogais*.

Desde o punto de vista fonolóxico, as vogais distínguense das consoantes porque son as únicas que poden recibir o acento en galego e, polo tanto, formar núcleo silábico (as consoantes nunca se acentúan).

6.1.1. Sistema vocálico

Para clasificar os sons vocálicos, pódense ter en conta diversos factores (intensidade, timbre, cantidade, resonancia, etc.). Se durante a articulación dunha vogal avanza os labios, pronúncianse vogais *labializadas* ([o], [u]); se se deixa saír o aire polo conduto nasal, falamos de vogais *nasais* (como é o caso do [o] en *non*).

Para o seu estudo, nós atenderemos só aqueles trazos que se consideran realmente distintivos desde o punto de vista fonolóxico: a *posición da lingua* e o *grao de abertura*:

1) *Lugar de articulación* (posición da lingua). Segundo a lingua se eleve máis ou menos.

Anteriores ou palatais (a lingua aproxímase ao padal): /i/, /e/, /ɛ/

Posteriores ou velares (a lingua aproxímase ao veo do padal): /u/, /o/, /ɔ/

Centrais ou medias (o dorso da lingua sitúase nunha zona central): /a/

2) *Modo de articulación* (grao de abertura). Posición da lingua e da mandíbula.


Vogais de abertura mínima: /i/, /u/

Vogais de abertura media pechada: /e/, /o/

Vogais de abertura media aberta: /ɛ/, /ɔ/

Vogais de abertura máxima: /a/


O sistema vocálico galego dise que é triangular porque, se tratamos de representar nun cadro tanto o modo (liña vertical) como o punto de articulación (liña horizontal), resulta un triángulo:



6.1.2. Semivogais. Os ditongos e os tritongos

As vogais poden presentarse na cadea falada de xeitos diferentes: ou ben acompañando unha consoante (es/se), ou ben acompañando outra vogal (cadea, feixe). Neste segundo caso, as dúas vogais poden aparecer como sons consecutivos que forman parte de sílabas distintas, formando un *hiato* (cadea, poeta, aéreo), ou ben constituíndo unha mesma sílaba formando *ditongos* ou *tritongos* (feixe, ciencia, bieito).

Fórmase o *ditongo* cando se combina nunha mesma sílaba unha vogal forte (de abertura máxima ou media; a, e, o) e unha vogal feble (de abertura mínima: i, u), ou dúas vogais febles (i, u). A vogal forte considérase o núcleo silábico mentres que a feble é a marxe silábica, que pode ser explosiva (prenuclear, posición inicial de sílaba) ou implosiva (posnuclear, posición final de sílaba).



Nestes casos, a vogal feble das marxes silábicas recibe o nome de *semivogal*, e representáanse a través de [j] e [w] para *i* e *u*, respectivamente. Os sons semivocálicos son semellantes ás vogais e pronúncianse mentres se move a lingua desde a posición en que se acaba de articular unha vogal (a, e, o) até a posición en que se pronuncian [i] ou [u].

Segundo sexa a combinación vocálica do ditongo, podemos falar de ditongos crecentes, decrecentes e homoxéneos:

Ditongos crecentes: son aqueles que posúen na marxe prenuclear unha semivogal [j] ou [w] e no núcleo silábico as vogais a, e, o. A articulación

deste ditongo, pois, vai de menos a máis: *ia, ie, io, ua, ue, uo*. Exemplos: *miañar, ambiente, miolos, luar, consecuente, fatuo*, etc. Son os menos frecuentes no galego e atópanse sobre todo nos cultismos.

Ditongos decrecentes: neles a marxe posnuclear é unha semivogal e a articulación do ditongo vai de máis a menos: *ai, au, ei, eu, oi, ou*. Exemplos: *Baixa, auga, leira, deus, moito, couto*, etc. Son os máis característicos do galego.

Ditongos homoxéneos: están constituídos por dúas vogais de abertura mínima (i, u), xeralmente sempre e cando a primeira delas sexa a tónica (núcleo silábico). Exemplos: *partiu, puido*. Hai casos en que se produce un ditongo homoxéneo en que a segunda delas é a tónica: *bilingüismo*.

A secuencia formada por dúas semivogais (nas marxes silábicas) e unha vogal (no núcleo) denomínase *tritongo*. Aínda que son pouco frecuentes, formas como *iguais* ou *cambiei*, entre outras, teñen tritongos [waj], [jej].

Lembra que...:

As vogais de grao medio poden ser medio abertas /ɛ/, /ɔ/ ou medio pechadas /e/, /o/, pero que nos ditongos aparecen neutralizadas mesmo en posición tónica.

Nunca formarán ditongo dúas vogais aberta (ae, ao, ea, eo, oa, oe), pero si poden facelo dúas vogais de abertura mínima (iu, ui).

6.1.3. Sistema consonántico

Os sons consonánticos son aqueles que presentan durante a súa pronuncia algún obstáculo á saída do aire, en contraste coas vogais. Para clasificar os sons consonánticos, séguese o mesmo criterio de clasificación utilizado nas vogais (modo e punto de articulación) pero, ademais, tamén se teñen en conta outros factores como a acción das cordas vocálicas (que os distingue en sonoros e xordos) e o grao de intervención do veo do padal (que produce nasalización ou non).

a) Segundo o *punto de articulación*, os sons son *bilabiais* (producidos entre os dous labios), *labiodentais* (entre o labio inferior e os dentes superiores), *dentais* (entre a lingua e os dentes), *alveolares* (entre a lingua e os alvéolos), *palatais* (entre a lingua e o padal duro) ou *velares* (entre a lingua e o veo do padal).

b) Segundo o *modo de articulación* (o tipo de obstáculo que presentan), os sons poden ser:

- **oclusivos:** a saída de aire está impedida polo pechamento dos labios ou da lingua contra os dentes ou contra a parte superior da boca; cando se abre esta oclusión prodúcese un pequeno ruído: *pataca* [pa'taka].
- **fricativos:** prodúcese un ruído ao facer pasar unha corrente de aire por un conduto reducido: *xa* ['ja], *sofá* [so'fa].

- **africados:** tras un primeiro momento en que se produce unha oclusión, emítese unha fricativa de duración breve: *acha* ['atʃa].
- **aproximantes:** os labios aproxímanse ou a lingua achégase aos dentes ou á parte posterior da boca, pero sen chegar a pechar totalmente o paso de aire e sen producir ruídos coma os das fricativas: *aba* ['aβa], *ida* ['iða], *Hugo* ['uɣo].
- **nasais:** os labios ou a lingua pechan a saída de aire a través da boca, ao tempo que se abre a canle que comunica a farinx coas cavidades nasais, e o son sae a través destas: *mamá* [ma'ma], *non* ['non].
- **laterais:** a lingua elévase e impide o paso de aire polo centro da boca, pero deixa que saia polos lados, sen producir ruídos: *la* ['la], *lúa* ['lua].
- **vibrantes:** a punta da lingua toca nos alvéolos producindo unha interrupción momentánea da saída do son, que pode ser vibrante simple: *puro* ['puro]. Se este movemento se repite con rapidez, prodúcese unha vibrante múltiple: *ra* ['ra], *arra* ['ara].

c) Segundo a *acción das cordas vocais*: a maioría destes sons prodúcense con voz (sonoros). En galego soamente as oclusivas [p], [t], [k], os sons fricativos e a consoante africana carecen de voz (son, polo tanto, xordos)

d) Segundo a *acción do veo do padal*: recoñécense as consoantes nasais, antes mencionadas.

Repara no seguinte cadro:

	bilabial		labiodental	dental		alveolar	palatal	velar	
	sonora	xorda		sonora	xorda			sonora	xorda
oclusiva	/b/	/p/		/d/	/t/			/g/	/k/
fricativa			/f/	/θ/		/s/	/ʃ/		
africada							/tʃ/		
nasal	/m/					/n/	/ɲ/	/ŋ/	
lateral						/l/	/ʎ/		
vibrante						/r/ - /ɾ/			

6.2. Particularidades fonéticas. A gheada e o seseo


Esta descrición do sistema consonántico que acabamos de presentar correspóndese coas características do galego estándar e dunha parte considerable do galego popular. Como en todas as linguas, por diversos motivos existen, en diversas áreas do noso territorio lingüístico ou nas xeracións máis novas, un conxunto de fenómenos fonéticos que presentan trazos que non manteñen correspondencia coa lingua estándar. No caso concreto da nosa lingua, entre outros, analizaremos dous pola súa importancia: o seseo e a *gheada*.

a) O seseo

No territorio máis occidental de Galicia existe un sistema consonántico que se caracteriza polo feito de carecer de realización fricativa interdental xorda

[θ], fenómeno que se coñece como **seseo**. Estes sistemas seseantes anularon a oposición do galego común entre a interdental [θ] e a alveolar [s] na evolución dos sistemas de sibilantes do galego medieval. Aínda que a realidade é máis variada, en tanto que se recoñecen diversos tipos de seseo segundo sexa a realización que substitúe a interdental [θ], nós unicamente describiremos dous tipos de seseo dependendo da posición en que se atope dentro do grupo silábico:

- *implosivo* (final da sílaba): **lus**, **des**, **rapás**
- *explosivo* (comezo de sílaba): **sapato**, **sebola**, **Vilagarsía**



Fonte: Fernández Rei, F. *Dialectoloxía da lingua galega*. Editorial Xerais, Vigo, 1990/91.


b) A gheada

No noso territorio lingüístico, ademais, existen zonas en que non se utiliza a realización oclusiva velar sonora, [g], senón que se substitúe por outra distinta que, dependendo da zona concreta, adoita ser máis ou menos aspirada (fricativa laringal, faringal, velar, uvular...). Nestes casos, estamos ante a **gheada**. A realización máis común da gheada presenta unha solución fricativa faringal [h], e dáse en todas as posicións exceptuando despois de nasal (aínda que hai territorios en que si se produce, ou en que se realiza como [k]):

A gheada común transcríbese foneticamente a través de [h], e represéntase graficamente a través de *gh*:

am**igho** [a'miño], **gh**ato ['hato], **algho** ['alho];
dom**ing**o-dom**ink**o-dom**ing**ho

A gheada é un trazo fonético innovador e autenticamente galego. Seméllase moito á aspiración do *h* que se dá no inglés en palabras como *house*, *have*, e non ao fricativo velar xordo do *j* castelán de *caja* ou *jazmín*. Aínda que existen diversas teorías da súa procedencia, non é correcto pensar que a gheada se produce por influencia do *j* castelán porque esta explicación deixa sen xustificación moitos aspectos característicos. Existe tamén a gheada noutras áreas do territorio románico, como é o caso da Toscana italiana, onde se coñece como *gorgia*.



Fonte: Fernández Rei, F. *Dialectoloxía da lingua galega*. Editorial Xerais, Vigo, 1990/91.

Existe un prexuízo moi estendido polo cal se pensa que falar utilizando seseo e gheada é algo incorrecto e propio de xente inculta, que mesmo pode resultar *malsoante*. Esta actitude inxustificada manifesta un grao considerable de intolerancia por parte de quen, seguramente asentado nun sistema fonético castelanizado, non mostra respecto nin sensibilidade pola diversidade e riqueza fonética lexítima da lingua galega. É totalmente falsa esta percepción, e os

dous fenómenos dialectais son perfectamente válidos e correctos dentro do sistema gramatical das comunidades de fala en que se producen.

Non obstante, estas pronuncias non se deben reflectir na escrita, pois a norma estándar non as recolle malia que si recomenda o uso do dígrafo *gh* para representar a súa pronunciación. Isto é, aínda que un falante pronuncie gheada ou seseo, se pretende axustarse ás normas ortográficas e morfolóxicas que establece a Academia para a nosa lingua, non debe representar por escrito a gheada nin o seseo.


7. A sílaba

Os fonemas dunha lingua combínanse entre si de maneira organizada e forman *sílabas*: *ca-/sa*, *au-/ga*, *te-/lé-/fo-/no*. Á súa vez, estas forman os *grupos fónicos*. A sílaba é a unidade fónica básica, tradicionalmente definida como cada golpe de voz en que se pode articular unha palabra.

Lembra que...:

Situámonos na segunda articulación da linguaxe, aquela que atende os aspectos do significante das linguas. Por isto, debes reparar en que non é correcto afirmar que as palabras *están formadas* por sílabas; temos que saber que as palabras *se constrúen* por morfemas, elementos dotados de significante e significado (primeira articulación). Só desde o punto de vista sonoro aceptamos que as palabras *se dividen* en sílabas (en segmentos fónicos), que non é o mesmo que afirmar que *se constrúen* ou *están formadas* por sílabas, algo totalmente incorrecto.

A estrutura básica da sílaba está constituída por dous elementos principais: núcleo e coda.



O *núcleo* sempre está ocupado por unha vogal e é o único elemento que se require para a existencia dunha sílaba, xa que tanto o inicio coma a coda poden estar ausentes, como no caso de *o-/í-/a*.

O *inicio* silábico pode estar formado por un ou dous elementos consonánticos. Os inicios formados por dúas consoantes na lingua popular soamente poden estar compostos por unha oclusiva /p, t, k, b, d, g/ ou unha fricativa /f/ seguidas dunha consoante vibrante /r/ ou lateral /l/, como en *pré-/sa*, *dra-/ma*, *glo-/bo*, *flor*. No léxico culto encóntranse tamén outras combinacións, coma *psi-/cólogo*, *pneu-/mático*, que nos rexistros informais e na lingua popular tenden a simplificarse: *si-/cólogo*, *neu-/mático*, *no-/mo*.

Na *coda* silábica, no galego popular soamente aparece unha consoante (coa excepción dos plurais do tipo *cans* no galego occidental), e esa consoante nunca é unha oclusiva: *can, sol, mar, mes, paz*.

Nas palabras cultas e nos préstamos son frecuentes, polo contrario, as consoantes oclusivas en posición final de sílaba, coma: *op-/ción, rec-/to, rit-/mo, ob-/tu-/so*, etc. Nos rexistros informais e na lingua popular, a maior parte destas palabras adáptanse eliminando a oclusiva: *o-/ción, re-/to, o-/tuso*, etc. Por outra parte, no léxico culto poden aparecer combinacións de dúas consoantes na coda silábica (consoante + /s/): *obs-/trución, ads-/cribir, ins-/ti-/tu-/to*, etc. Na lingua popular e nas variedades informais téndese a simplificar o grupo, eliminando a primeira consoante e mantendo /s/, e así pódese oír *os-/trución, as-/cribir, is-/tituto*, etc.

As sílabas poden ser de catro clases:

A) *abertas* (ou libres) e *pechadas* (ou trabadas). Son abertas se acaban en vogal (en núcleo); a esta vogal chámasele vogal *libre*: *a-/go-/ra*. A sílaba que remata en consoante (marxe silábica) chámase *pechada* e a vogal desta sílaba coñéceselle como vogal *trabada*: *com-/pac-/tar*.

B) *Tónicas* e *átonas*. A sílaba sobre a que recae o maior golpe de voz ou acento da palabra, por exemplo: *a-/GO-/ra*. A sílaba ou sílabas sobre as que non recae o acento son átonas: *A-/go-/RA*.

Casos particulares da división silábica:

Lembra que cando entre dúas vogais existe só unha consoante, esta sempre se sitúa na posición de comezo silábico: *cla-/ri-/da-/de, cle-/ro, exa-/me, fei-/xe, sou-/to, sei-/xo, sa-/quei*.

Como xa comentamos anteriormente, na cadea falada podemos atopar encontros entre vogais de diversa cantidade: *andou, fieito, cadea, guiouno, ensaiei*, etc. No primeiro e segundo casos, estamos ante o encontro de vogais nunha mesma sílaba, de acordo coas seguintes definicións:

Ditongo: fórmase cando dúas vogais xuntas forman parte da mesma sílaba. Para que se produza ditongo, unha das vogais ha de ser débil ou pechada (i, u) non acentuada. Exemplos: *andou, auga, miolos*.

Tritongo: prodúcese cando son tres as vogais que forman parte da mesma sílaba. A primeira das vogais ha de ser feble ou pechada (i, u), a segunda forte ou aberta (a, e, o) e a terceira feble ou pechada. O til, se lle cómpre, irá sempre sobre a vogal forte. Exemplos: *fieito, cambiou, cordiais*. Se o acento da palabra caese sobre unha das febles, non se trataría de tritongo, senón de ditongo e hiato ou viceversa.

Hiato: consiste en dúas vogais xuntas que forman parte de distinta sílaba. Para que se produza hiato, as dúas vogais han de ser fortes (a, e, o) ou unha feble acentuada (í, ú). Neste último caso, a feble sempre levará til. Exemplos: *ca-/er, sa-/ir, cade-/a*.

No caso concreto do cuarto exemplo, *guiouno*, realmente, a primeira vogal (u) forma parte do dígrafo *gu*, polo que non se pode considerar como vogal constituínte da palabra (de feito, non se pronuncia como semivogal). Estamos, pois, ante unha sílaba, *gui-*, seguida por outra constituída polo ditongo *-ou*.

Para o caso do quinto exemplo, *ensaia*r, repara en que a segmentación se debe realizar tendo en conta que *-iei* constitúe tritongo, e que vai separado de *-a-*, que se corresponde co elemento nuclear da sílaba *-sa-* de *ensaia*r.

8. Os trazos suprasegmentais. A acentuación

Os sons da lingua non se presentan no discurso de forma illada. As persoas non falamos emitindo palabras soltas, entrecortando a voz entre unhas e outras, como se de robots se tratase. A pesar de estar formadas por varias palabras gráficas, unha secuencia como *a casiña de chocolate* é unha única cadea de sons, denominada *grupo fónico*. Cando falamos unimos as palabras unhas coas outras, modulamos a nosa voz, producimos sons alongados, outros máis breves, uns máis fortes, outros máis febles, tamén interrogamos, exclamamos, etc.

A estes elementos denomínanselles *trazos suprasegmentais* porque se sitúan *por riba do segmento*, se entendemos que o segmento é o nivel de estudo que se corresponde con cada un dos elementos que utilizamos na lingua (palabras, frases, etc.).

Na presente sección estudaremos os seguintes trazos suprasegmentais: acentuación e entoación.

8.1. A acentuación

A acentuación é o procedemento polo que se destaca unha sílaba sobre as restantes que forman esa palabra: *chícharo*, *misto*, *cantar*. Para iso, facemos recaer maior intensidade sobre unha das sílabas da palabra; esta sílaba que resulta máis perceptible cás demais denomínase *tónica* mentres que as restantes son sílabas *átonas*.

O acento proporciona maior expresividade acústica á palabra e, sobre todo, desenvolve unha función distintiva. Repara na seguinte parella de palabras, que se distingue unicamente pola acentuación:

Maza / mazá
Esta / está

A vogal é o núcleo silábico e, sobre ela, recae a acentuación. En galego, o acento sitúase sobre unha das tres últimas sílabas da palabra. Segundo a posición do acento, as palabras clasifícanse en:

- *Palabras agudas* ou *oxítonas*: a última sílaba é tónica (*cantar*, *está*).
- *Palabras graves* ou *paroxítonas*: a sílaba tónica é a penúltima (*casa*, *dócil*).
- *Palabras esdrúxulas* ou *proparoxítonas*: a tónica é a antepenúltima sílaba (*teléfono*, *esdrúxula*).

Nas palabras monosílabas a única sílaba é a tónica: *luz*, *ben*, *si*, *la*.

As palabras tónicas están formadas por todos os substantivos, adxectivos, os verbos, os adverbios, algúns pronomes, preposicións e conxuncións. Non teñen tonicidade a maioría das preposicións, algúns determinantes nin os clíticos persoais, que non poden construír enunciados por si mesmos e que se pronuncian apoiados noutra palabra tónica dentro do discurso falado: *o neno, coche de liña, fála/le*.

Para marcar a acentuación na escrita, utilízase o *acento gráfico*. De acordo coas normas do galego, unhas regras de acentuación deben permitir recoñecer a sílaba tónica en todos os casos, ser facilmente memorizables e esixir un uso mínimo de acentos gráficos. No galego só se usa un tipo de acento gráfico: o agudo (´). Vexamos as normas de acentuación:

Palabras agudas

As palabras agudas acentúanse graficamente cando teñen máis dunha sílaba (polisílabas) e rematan en vogal, en vogal + *n*, en vogal + *s* ou en vogal + *ns*: *mazá, alguén, mazás, irmáns*.

Non se acentúan cando son monosílabas nin cando acaban en ditongo decrecente (seguido ou non de *n* ou *s*) ou noutra consoante que non sexa *-n* ou *-s*. Así: *xa, fe, Xan, tres, amei, amou, ademais, papeis, capital, cantar, nariz*.

Palabras graves

Levan acento gráfico as palabras graves cando rematan en consoante distinta de *-n* ou *-s* e en grupos consonánticos distintos de *-ns*. Así: *móbil, carácter, alférez, fórceps, bíceps, Félix, clímax*. Tamén se acentúan as palabras graves con ditongo decrecente na última sílaba: *amábeis*.

En consecuencia, non se acentúan as palabras graves rematadas en vogal, vogal + *n*, vogal + *s* ou vogal + *ns*. Así: *canta, cantaran, cantas, lapis, colons, dolmens*.

Palabras esdrúxulas

As palabras esdrúxulas ou proparoxítonas levan sempre acento gráfico: *bárbaro, mágoa, tépedo, tónico, túnica*.

Casos especiais de acentuación

O acento diacrítico:

Utilízase o acento gráfico para distinguir dúas palabras que teñen a mesma forma na escrita, pero que se diferencian porque a vogal tónica ten distinto timbre ou porque unha palabra é tónica e a outra átona (*póla/pola, dá/da*). En moitos casos non é necesario facer diferenzas gráficas, porque o significado das palabras resulta claro ao apareceren en contextos diferentes: *el colle* (o aberto), *colle ti* (o pechado), *el mete* (e aberto), *mete ti* (e pechado), etc. Outras veces pode haber confusións e por iso cómpre poñerlle acento a unha das dúas formas homógrafas; neste caso pónselle sempre acento gráfico á palabra que ten vogal aberta ou á que é tónica.

Así:

<i>á</i> (<i>a + a</i> artigo; subst.)	<i>a</i> (artigo; pron.; prep.)
<i>ás</i> (<i>a + as</i> artigo; subst.)	<i>as</i> (artigo; pron.)
<i>bóla</i> ('esfera')	<i>bola</i> (peza de pan)
<i>cá</i> (<i>ca + a</i>)	<i>ca</i> (conx.)
<i>cás</i> (<i>ca + as</i>)	<i>cas</i> (prep.)
<i>chá</i> ('plana')	<i>cha</i> (<i>che + a</i>)
<i>chás</i> ('planas')	<i>chas</i> (<i>che + as</i>)
<i>có</i> (<i>ca + o</i>)	<i>co</i> (<i>con + o</i>)
<i>cós</i> (<i>ca + os</i> ; subst.)	<i>cos</i> (<i>con + os</i>)
<i>cómpre</i> ('é mester')	<i>compre</i> ('merque')
<i>cómpren</i> ('son mester')	<i>compren</i> ('merquen')
<i>dá</i> (pres. e imp. de <i>dar</i>)	<i>da</i> (<i>de + a</i>)
<i>dás</i> (pres. de <i>dar</i>)	<i>das</i> (<i>de + as</i>)
<i>dó</i> ('compaixón')	<i>do</i> (<i>de + o</i>)
<i>é</i> (pres. de <i>ser</i>)	<i>e</i> (conx.)
<i>fóra</i> (adv.)	<i>fora</i> (antepret. de <i>ser e ir</i>)
<i>má</i> ('ruín')	<i>ma</i> (<i>me + a</i>)
<i>más</i> ('ruíns')	<i>mas</i> (<i>me + as</i>)
<i>maís</i> (adv. e pron.)	<i>mais</i> (conx.)
<i>nó</i> (subst.)	<i>no</i> (<i>en + o</i>)
<i>nós</i> (pron. tónico; pl. de <i>nó</i>)	<i>nos</i> (pron. átono; <i>en + os</i>)
<i>ó</i> (<i>a + o</i>)	<i>o</i> (artigo; pron.)
<i>ós</i> (<i>a + os</i>)	<i>os</i> (artigo; pron.)
<i>óso</i> (do corpo)	<i>oso</i> (animal)
<i>pé</i> (parte do corpo)	<i>pe</i> (letra)
<i>póla</i> ('rama')	<i>pola</i> ('galiña'; <i>por + a</i>)
<i>pór</i> ('poñer')	<i>por</i> (prep.)
<i>présa</i> ('apuro')	<i>presa</i> ('prendida'; 'presada')
<i>sé</i> ('sede eclesiástica'; imp. de <i>ser</i>)	<i>se</i> (conx.; pron.)
<i>só</i> (adv. e adx.)	<i>so</i> (prep.)
<i>té</i> ('infusión')	<i>te</i> (pron.; letra)
<i>vén</i> (pres. de <i>vir</i>)	<i>ven</i> (pres. de <i>ver</i> ; imp. de <i>vir</i>)
<i>vés</i> (pres. de <i>vir</i>)	<i>ves</i> (pres. de <i>ver</i>)
<i>vós</i> (pron. tónico)	<i>vos</i> (pron. átono)

Noutros casos, o acento só se utilizará en contextos ambiguos e marcando sempre graficamente a palabra con vogal aberta: *vén* (verbo *ver*) / *ven* (verbo *vir*).

O verbo con pronome enclítico e cos alomorfos do artigo *lo/s*, *la/s*:

Cando os verbos levan pronomes enclíticos, no tocante á acentuación gráfica compórtanse coma se fosen unha soa palabra. Por iso escribimos

cantará / cantara, cantaraa / cantáara; beberá / bebera, beberaa / bebéara; recibirá / recibira, recibiraa / recibíara; bebéala / beberala; cantáрана / cantarana; métese; méteseche; meteuse; metéusenos; tómao; fixéronllelo, etc.

Se se utiliza a combinación verbo + variante alomórfica *-lo* do artigo, acentúase tamén coma se fose unha única palabra: *cóme-lo caldo / come-lo caldo, bebé-la auga / bebera-la auga, etc.*

As formas verbais que levan acento diacrítico mantéñeno cando van seguidas dunha forma átona do pronome: *é / élle / éa; dáo / dáme / dálle; ti dálo á forza / dáslle; vélo comprar?*

Os adverbios en -mente. Palabras compostas:

Por se tratar de palabras graves rematadas en vogal, resulta innecesario o acento gráfico nos adverbios en *-mente*. Por iso debemos escribir *comicamente, comunmente, dificilmente, friamente, habilmente, rapidamente, rexamente, finxidamente, utilmente*. No caso de apareceren varios adverbios en *-mente* coordinados, esta terminación só aparece no derradeiro, e os anteriores manteñen o seu acento: *cómoda e facilmente*.

Tampouco mantén o acento gráfico o primeiro termo das palabras compostas xa soldadas: *Riotorto, fervellasverzas, vichelocrego, etc.*

Acentuación dos estranxeirismos:

As palabras estranxeiras de uso corrente, aínda que non estean plenamente adaptadas ao galego, seguen as regras de acentuación enunciadas anteriormente.

Así:

Palabras agudas: *iglú, obús, organdí, popurrí, iglús, anorak, argot, autocar, autostop, ballet, boicot, coñac, fagot, iceberg, leitmotiv, neceser, relax, voleibol*.

Palabras graves: *accésit, béisbol, cénit, ídem, karaoke, líder, álbum, médium, macádam, quórum, réquiem, smóking, superávit, tándem, télex, tótem; harakiri, ioga, lapilli, mitin, pelotari, penalti, pizza, quimono, ravioli, zombi*.

Palabras esdrúxulas: *bádminton, búmerang, cárdigan, déficit, hábitat, hándicap, ínterim, magníficat, pákinson*.

As palabras rematadas graficamente en *-y* teñen o mesmo tratamento cás rematadas en *-i*: *playboy, spray* (coma *convoi, samurai*), *hóckey, hippy, hobby, rugby, whisky*.

Neste tipo de palabras pódese prescindir do acento gráfico correspondente e manter integramente a grafía propia da lingua de que proceden cando exista conciencia clara de que son estranxeirismos.

Outros casos:

Non se acentúan en ningún caso nin os demostrativos nin o indefinido e numeral *un*: *esta mesa, quero esta, mira esa, colle aquela, un can, un deles, dáme un. Cal, cando, canto, como, onde, que e quen* non se acentúan en interrogativas e exclamativas directas: *cal queres?, cando vés?, canto queres?, como che vai?, onde está?, que queres?, quen cho deu?, que desgraza!*

Tampouco se acentúan as formas do interrogativo e exclamativo cando introducen interrogativas indirectas (*pregúntalle cando volve, pregúntalle onde está, preguntoulle cal quería*), agás cando for preciso para evitar posibles confusións: *dille qué queres, / dille que queres, xa sabes qué hai? / xa sabes que hai?, xa sabes canto lle custou / xa sabes canto lle custou*, etc.

8.2. A entoación

A *entoación* é a variación de ton con que se pronuncian os diferentes sons dunha cadea ou secuencia. Abarca a totalidade do enunciado e empregámolo, entre outras funcións, (A) para delimitar os enunciados e os grupos fónicos que os compoñen e (B) para diferenciar as modalidades dos enunciados (enunciación, exhortación, interrogación e exclamación) ou expresar determinados estados psíquicos (sorpresa, tristura, etc.).

a) Así, a entoación serve como *delimitador* sinalando os límites dos enunciados e dos grupos fónicos, facendo que varíen os seus significados: as árbores, que estaban secas, foron cortadas (todas estaban secas, oración explicativa); as árbores que estaban secas foron cortadas (todas as que estaban secas, oración especificativa).

b) A entoación serve tamén como *marca de modalidade* indicando diferentes tipos de enunciado, que presentan unha variación tonal propia. A seguir, mostrámosche as tendencias xerais da entoación en diferentes enunciados; lembra que, dependendo do contexto lingüístico, da intención e do contexto xeral do momento da enunciación, poden producirse variacións nas maneiras de preguntar, afirmar ou exclamar:


A unidade de entoación mínima é o *grupo fónico*, superior ao fonema e á sílaba. Organízase arredor dun acento nuclear que vai entre dúas pausas, marcadas ou non graficamente (a través de espazos, de comas, de puntos, etc.).

Entoación nas palabras illadas:


Agudas: presentan ton ascendente con descenso final.

camión


Graves: ton descendente se a primeira sílaba é tónica.

fácil


Se a tónica non é a primeira sílaba, ton ascendente e despois descendente.

carácter




Esdrúxulas: o ton é descendente pero desde un punto moi elevado.

lámpada



Entoación nos enunciados superiores:

Repara nas liñas de entoación máis frecuentes do galego.

Enunciados declarativos: a liña de entoación mantense nun ton baixo, cun suave descenso; unha lixeira elevación na última sílaba tónica precede a caída final do segmento.

Chamoume onte pola tarde



Enunciados interrogativos: inician con ton alto, que se mantén até a última sílaba tónica ou até a súa precedente, para descender de súpeto.

Chamoume onte pola tarde?



Enunciados exclamativos: o ton é elevado e mantense alto até a última sílaba tónica, que sobe un pouco máis e baixa de súpeto.

Chamoume onte pola tarde!

